

Ortigueira



Os concelleiros de Cariño e Ortigueira, Carlos, Adrián, Jaqui e Marco con militantes e simpatizantes na presentación da campaña

O BNG presenta a campaña de recollida de sinaturas para solicitar un Transporte Público digno para o Ortegal

O BNG de Ortigueira e Cariño unen forzas para reclamar un servizo acorde ás necesidades da cidadanía de Cariño, Ortigueira, Mañón e Cerdido

O pasado 25 de novembro o BNG de Cariño e Ortigueira lanzaron a través da plataforma change.org a recollida de sinaturas virtual para solicitar un transporte público e de calidade para a comarca do Ortegal. Iniciativa que tivo unha boa acollida e que sumou as case 500 sinaturas en pouco menos de 3 semanas e que se suma ás mocións presentadas en Cariño (aprobada por unanimidade) e en Ortigueira (coa abstención do PP que dixo descoñecer queixas e un mal funcionamento do transporte por estrada).

Ademais da presentación das mocións nos plenos municipais e da campaña de recollida de sinaturas virtuais, o BNG vén de realizar un encontro informativo o 4 de xaneiro no que participaron os deputados do BNG, Kai Ríos (Mocidade e Mobilidade) e Mon Fernández (Industria). Neste encontro explicaron a situación na que se atopa o Transporte Público,

as irregularidades que se están producindo e o servizo deficiente que se oferta á poboación galega e do Ortegal, con horarios imposíbeis, autobuses que non pasan, incumprimentos dos pregos e co visto e prace do Partido Popular.

Aproveitaron a ocasión para presentar compromisos, alternativas e propostas do BNG no próximo goberno da Xunta de Galiza para esta problemática, do TaxiRural, a posta en marcha de intermodais que coordinen de verdade os horarios de trens e autobuses, reclamar do Estado as competencias na xestión do ferrocarril ou a creación de servizos de proximidade.

Despois da intervención de Paulo Ríos, abriuse un intenso e interesante debate entre as persoas asistentes e os deputados nacionalistas nos que se trataron temas que afectan á nosa comarca, como son os vertidos reiterados no Río Mera e Ría de Ortigueira-Ladrido, a Transición Xusta das Pontes ou a situación da explotación eólica.

A voltas coas incidencias no tren Ferrol-Ribadeo...

Comezamos o ano con dúas incidencias en menos dunha semana na liña que conecta Ferrol con Ribadeo. Se o pasado 2 de xaneiro o servizo quedou interrompido pola caída de dúas árbores a consecuencia do nulo mantemento e seguridade da vía, o día 5 a liña volveu ser interrompida polo desprendemento de terra que provocou o descarrilamento doutro tren.

Desde o BNG véñense rexistrando continuas iniciativas para que o Goberno do Estado e RENFE cumplan os compromisos de modernizar o material rodante da vía de ancho métrico.

Actualmente a liña Ribadeo – Ferrol ten graves problemas e deficiencias que só son a acumulación doutras que veñen repetíndose ano tras ano e ás que nin Goberno do Estado, nin Xunta de Galiza nin RENFE poñen solución.

Desmantelamentos, eliminación de persoal nas principais estacións e nos apeadoiros, atrasos continuos, falta de mantemento ou avarías do material rodante causan incidencias de forma continuada e fan completamente impredecíbel e moi pouco fiábel este medio de transporte.

NON QUEDA NADA

Non queda nada, ou máis ben, remataron con todo. A identidade do galego responde a un carácter local, polo que o nacional moitas veces nos resulta alleo a nós, pero se tomamos todas as localidades como pezas dun quebracabezas, podemos xuntos armalo enteiro.

Podemos observar como diariamente, mes tras mes, ano tras ano, se repiten as mesmas protestas. O que comezou coma un recorte menor, rematou sendo unha catástrofe.

A xente recibe atónita a nova de que no seu pobo non haberá máis persoal médico, máis caixeiros, máis transporte público, máis profesorado, máis industria... en outras palabras, a xente recibe a noticia de que o seu pobo é unha vítima máis da imprudencia e ignorancia dos seus gobernantes (ou quizais dun desmantelamento premeditado?).

Mentres que en Europa apostan polos medios de transporte público, aquí, na Galiza e no Ortegal, obrígnanos a depender cada vez máis dos medios de transporte privados.

Queremos un transporte público GALEGO, de CALIDADE e DIGNO na Comarca do Ortegal (toda A Mariña e Ferrolterra).

...e cos vertidos no Río Mera...

O pasado día 21 de decembro rexistrouse un novo vertido contaminante no río Mera.

Baixaban as augas, moi turbias e de cor vermella e das que se descoñece a súa orixe.

Denunciamos esta nova vertedura, que se suma ás que se van rexistrando de forma recorrente, que xa son demasiadas neste curso fluvial e que, non o esquezamos, van parar directamente á ría de Ortigueira-Ladrido.

O BNG trasladou ao Parlamento e Xunta de Galiza este problema tan reiterado e de abandono, que conta coa complicidade do goberno local de Ortigueira.

Cando todas as entidades locais sofren polo mesmo, podemos chegar á conclusión de que o erro quizais non se atope no local, senón no ámbito nacional.

Os culpábeis seguen sacando maiorías absolutas, tendo eles a responsabilidade de todas estas competencias.

Nós, os galegos e galegas que habitamos na crúa realidade, debemos abandonar a submisión e sacar fóra toda a nosa personalidade.

Fronte ao atropelo ao que nos someten, dignidade coma pobo.



As partidas orzamentarias...

Ben sabido é que nos últimos meses do ano, os sentimentos de solidariedade que poden permanecer aletargados noutras datas, comezan a chamar á porta de propios e estraños, facendo que se acentúen (máis se cabe) as necesidades que, por desgraza, non só afectan á nosa veciñanza senón que se antollan como unha desafortunada tónica xeral na sociedade contemporánea.

Voltando ao noso contexto máis local e botando un ollo á hemeroteca, viaxamos ao 12 de novembro de 2020, momento no cal o PP de Ortigueira, no seu rol de oposición, publicaba nas súas redes sociais unha proposta rexistrada por sede electrónica e incluía o seguinte parágrafo:

“Dotación económica ó Banco de Alimentos municipal, para facelo, se cabe, máis amplo en canto a oportunidades e cuantía co obxecto principal de axuda as familias con falta de recursos económicos...”

O que propoñían tratábase de algo tan loábel e sinxelo de levar a cabo, sobre todo isto último tendo en conta a crecente afección a levar a cabo modificacións de partidas orzamentarias, comisións ou plenos que levan por bandeira desde o primeiro día de mandato, e non se trataba doutra cousa máis que dunha *“modificación e transferencia de crédito con minoración de alguna outra aplicación orzamentaria, como por exemplo... nas cuantías previstas para aplicar no gasto da iluminación de Nadal ou de outras que se estime oportunas”*.

Situándonos de novo no noso presente, no aquí e agora, nun PP de Ortigueira tan ben instalado como acomodado no seu novo trono de goberno, obsequian á veciñanza cun recorte de 40 euros por familia beneficiada na partida do programa “Agasallos de Nadal 2023”, quedándose o máximo ao que poden optar en 2023 a 60 euros.

Pero as súas maxestades do Ortegal non só veñen cargadas con este agasallo envelenado, senón que aquelas prioridades que outrora se debuxaban como pedras angulares ficticias da súa política social, semellan ter sido relegadas ao esquecemento observábel, xusto coa adopción da política do *desgobierno* co que tanto se enchían aqueles papos que criticaban o “Murismo”.

Lonxe de que ninguén poida interpretar entre liñas e símiles que me opoño á iluminación de Nadal, vaia por diante que si me opoño a que haxa poucas luces entre os que toman as decisións que afectan a toda a cidadanía, pero como xa deixamos claro na reunión mantida coa ACO, a iluminación e todas as iniciativas que sexan precisas para dinamizar e promover a economía e o comercio local, non só son benvidas senón que merecen unha forte aposta por elas. Porque se non miramos polo noso, quen o vai facer?

É por iso que non só de festas e festexos pode vivir unha poboación con miras de futuro. O pan para hoxe é a fame para mañá, e non só falamos de alimento, senón que falamos de compromisos esquecidos, gardados baixo a alfombra coa esperanza de que alguén os esqueza e deixen de preguntar por eles. Falamos da VAC Costa Norte, de raios X, de dragaxes dos portos de Espasante e Ortigueira, dun servizo de pediatría capaz de dar resposta á necesidade real do mesmo, os saneamentos das nosas parroquias, un servizo de transporte público adaptado ás necesidades da nosa veciñanza, máis persoal no **SAF**,... Falamos de lembrarlle á Xunta onde estamos, quen somos e por que merecemos unha consideración que parece antollarse coma un privilexio ao que só poden acceder quen lle baile as augas aos que non saben nin situar o Cabo Ortegal.

Con todo, de pouco serve debuxar utopías que nos poñan nun mapa de prioridades nacionais se non somos capaces de facelo a nivel local, mais tampouco imos pararnos moito máis a tentar que o goberno do PP e XA se pasen á escola do pensamento da atención. Non lles imos facer perder máis o tempo coas reflexións nin coas disertacións porque, ao fin e ao cabo, a ninguén lle gusta chegar tarde á festa. E moito menos a eles.



Marco Schaal Orizales
Portavoz do BNG de Ortigueira

Ana Pontón, candidata á presidencia da Xunta de Galiza polo BNG



ANA PONTÓN

"GALIZA É UN PAÍS RICO QUE O TEN TODO PARA AVANZAR, SE NOS FACEMOS VALER"

Como valora o actual momento político?

Moi aberto e centrado, como é normal, nas eleccións galegas do 18 de febreiro. Alédame que en poucas semanas poidamos decidir e poñer en marcha un proxecto de país novo, que aproveite todo o potencial que o noso país ten ao servizo dos galegos e das galegas. A Galiza vaille ben sempre que nos facemos valer. E iso é o que eu quero.

Considera que esa é a chave para o futuro?

Claro, todo depende de se confiamos en nós e nos facemos valer. A única maneira de acabar coa discriminación do Estado con Galiza foi tendo unha representación do BNG en Madrid necesaria para investir presidente de goberno. Esa forza é a que consegue melloras para Galiza, en temas moi diversos. Facemos como BNG por Galiza o que non fixo o PP desde a Xunta: defender os intereses dos galegos e das galegas.

O BNG está falando nestas semanas de propostas para diferentes sectores e presentou un Consello Asesor.

Si, porque estamos presentando as nosas medidas, o noso programa, desde o diálogo cos axentes económicos e sociais. Temos un proxecto sólido, solvente, viábel e estamos preparados e preparadas para facer que Galiza avance.

Que lle pide ao 2024, agora que acaba de empezar o ano?

Pídlle, sobre todo, que confiamos en nós. Que os galegos e as galegas confiamos nas nosas capacidades e no noso país. Se o facemos, temos todo por gañar e somos imparábeis. Non somos máis que ninguén, pero tampouco menos. Somos unha nación que quere un futuro próspero e podemos conseguilo.

CONTACTA
CO BNG

Tlf: 981 36 40 58



ortigueira@bng.gal



@bng_ortigueira



t.me/informacionBNGortigueira



bng.ortigueira